

LINGUA GALEGA E LITERATURA

TEXTO

Hai **unha** semana estreouse a webserie documental *Falemos do reino de Galicia* como parte do programa promovido por Cultura da Deputación da Coruña para facer visible a realidade da Galicia medieval como un reino distinguido e distinguible en toda Europa. A serie, producida por Suseia, estaba conducida polo historiador de Ribeira Carlos Lixó, quen **ten** analizado o fenómeno de xurdimento dos castelos feudais na Galicia medieval.

Na súa locución dábase algo que era á **vez** natural e lóxico, por unha banda, e revolucionario pola outra. Porque Lixó empregou, no rexistro culto dun documental de divulgación científica, as variantes dialectais de Ribeira e do Barbanza. Especificamente: a gheada e o seseo. Non é a primeira vez que tal cousa sucede no audiovisual, nin moito menos. Recordemos o caso da sempre lembrada serie *Mareas vivas*. Pero o subversivo da voz de Lixó é que usou a nosa fala nun **contexto** culto, non para facer chistes ou ficción.

Cada pouco, as redes arden con polémicas sobre a gheada e o seseo. Tras ver os episodios do documental, é imposible non decatarse de que tal discusión é absurda. Carlos Lixó demostra que é perfectamente posible empregar os **nosos** trazos dialectais, un importante patrimonio, para contar cousas serias a toda Galicia.

Ao cabo de cinco minutos, xa non reparas nas gheadas: o importante é o contido. Lixó púxonos a todos os barbanzáns que falamos en público con frecuencia nunha importante disxuntiva e enfrontounos aos nosos propios pasados e prexuízos. Fantástico.

Manuel Gago, LVG, 24/11/2022

CUESTIÓNS

1. Indique cal é o tema do texto e as súas ideas principais. Propoña tamén un título (2 puntos).
2. Explique o significado das palabras subliñadas no texto: *xurdimento*, *decatarse*, *reparas*, *prexuízos* (1 punto).
3. No texto aparecen en letra grosa as palabras *unha*, *vez*, *ten*, *contexto*, *nosos*. Mencione dúas palabras que conteñan os mesmos sons que aquí son subliñados (dez palabras en total) (1,5 puntos).
4. Na seguinte oración:
É imposible non decatarse de que tal discusión é absurda
 - a) Cabe outra colocación para o pronome átono? Se a resposta é afirmativa, escriba a oración resultante.
 - b) É posible conxugar o infinitivo? Argumente o que considere preciso e, se é posible, reescriba o enunciado (1,5 puntos).
5. A partir do exposto no texto, argumente se a gheada e o seseo deberían empregarse ou non na lingua estándar (4 puntos).

Lingua galega (maiores de 25 anos) Criterios de corrección (2024)

Cuestións

1. Indique cal é o tema do texto e as súas ideas principais. Propoña tamén un título (2 puntos).

O tema cualifícase con 0,5, e as ideas, 1 punto (en conxunto). Asígnase medio punto por indicar un título adecuado (0,25 se se trata dun título demasiado obvio).

2. Explique o significado das palabras subliñadas no texto: *xurdimento*, *decatarse*, *reparas*, *prexuízos* (1 punto).

Sumaranse 0,25 puntos por cada resposta correcta. Trátase de explicar de forma gramaticalmente correcta o significado específico destas palabras no texto. Abondará con que se perciba que o alumnado entende a palabra e que é capaz de aproximarse ao seu contido, sen que se esixa unha definición exacta. Pódense atribuír puntuacións parciais segundo a precisión da resposta.

Non se considerará suficiente a indicación de sinónimos, aínda que se poden atribuír puntuacións parciais de 0,1 puntos se se mencionan varios sinónimos.

3. No texto aparecen en letra grossa as palabras *unha*, *vez*, *ten*, *contexto*, *nosos*. Mencione dúas palabras que conteñan os mesmos sons que aquí son subliñados (dez palabras en total) (1,5 puntos).

0,15 por cada exemplo correcto:

unha: /ɲ/ Non se valorará o exemplo proposto en contracción con preposicións (*dunha*, *nunha*, *cunha*) ou en plural (*unhas*). Respostas posibles: *algunha*, *ningunha* e calquera palabra con -n final.

vez: /e/

ten: /ɛ/

contexto: grupo [ks]: *exame*, *pretexto*....

nosos: /ɔ/

4. Na seguinte oración:

É imposible non decatarse de que tal discusión é absurda

- Cabe outra colocación para o pronome átono? Se a resposta é afirmativa, escriba a oración resultante.
- É posible conxugar o infinitivo? Argumente o que considere preciso e, se é posible, reescriba o enunciado (1,5 puntos).

a) Si: *É imposible non se decatar...* (0,5 puntos)

b) O enunciado proposto non expresa o suxeito, pero gramaticalmente sería posible facelo, se o suxeito é P4 (que engloba o autor), porque é diferente do do verbo principal (P3): *É imposible non decatarmonos de que tal discusión é absurda*. Tamén se considerará válido unha P6, se se considera que o suxeito é *as redes*: *É imposible non se decataren de que tal discusión é absurda*. Non importa, neste caso, onde se sitúan os pronomes átonos, de seren correctos. (1 punto)

5. A partir do exposto no texto, argumente se a gheada e o seseo se deberían empregar ou non na lingua estándar (4 puntos).

De acordo co programa desta materia, o alumnado debe escribir un texto onde demostre coñecer o concepto de lingua estándar e que nas *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega* se considera que a gheada e o seseo se poden utilizar no estándar oral, como pronuncia alternativa dos grafemas <g> e <z> ou <c+ e, i>, respectivamente (tema 2). Ademais, debe explicar a existencia de prexuízos lingüísticos que consideran inferior certas variedades orais (tema 3).

No comentario debe demostrar a súa capacidade de expresar de maneira organizada e razoada ideas sobre o tema do texto, poñendo en relación os aspectos máis relevantes deste cos coñecementos, ideas

e experiencias propias. Evitaranse as paráfrases, resumos ou a repetición do contido do texto. O texto redactarase con coherencia e cohesión, por medio de recursos lingüísticos apropiados e correctos.

Na avaliación deste comentario valorarase a pertinencia dos argumentos e a correcta construción do texto (organización da información) e a adecuación e a corrección lingüística (redacción, adecuación do nivel de lingua, gramática, léxico, ortografía, puntuación).